



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

PXA
EEI SAN ROQUE
VIVEIRO

CURSO 2022 – 2023

eei.sanroque@edu.xunta.gal

I. ÍNDICE

1-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	4
1.1-MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCCIÓN	4
1.2-RECURSOS PREVISTOS	5
2-CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO	5
3-CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA	5
4-CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE	8
5-CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	9
6-PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.....	12
7-PLAN DE ACTUACIÓN DA DIRECCIÓN	13
8-XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	13
9-QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS	14
10-PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	14
11-PROGRAMA E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	14
12-PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA	15
13-MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO	15
14-PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	16
15-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	18
16-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	20
17-HORARIO DE ATENCIÓN Á COMUNIDADE	20
18-PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	21
19-PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR	21
20-REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR	22
21-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	23
22-PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA	23
23-PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	23
24-PLAN ANUAL DA BIBLIOTECA ESCOLAR	25
25-PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	28
26-PLAN DE FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	30
27-PLAN DE IGUALDADE	33
28-PLAN DE COMUNICACIÓN	40
29-PLANS PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA	47

DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de centro..... INFANTIL
Denominación oficial..... SAN ROQUE
Código do centro..... ..27014100
Situación.....VIVEIRO
Provincia.....LUGO
Enderezo.....BENITO GALCERÁN, 26/28
Código Postal..... 27850
Teléfonos.....982 870957, 646148944
E-mail.....eei.sanroque@edu.xunta.gal
N.I.F..... Q 7755216 D

Número de unidades: 4 de EDUCACIÓN INFANTIL

1 - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO 2022 / 2023

- OBXECTIVOS DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN:

- Coñecer e atender á diversidade do alumnado.
- Favorecer as relacións no seo da comunidade educativa e coas entidades exteriores.
- Fomentar a innovación educativa
- Manter información fluída e continua coa Comunidade educativa.
- Revisar e reformar os documentos de organización que correspondan.
- Colaborar na mellora continua do funcionamento do centro .

- OBXECTIVOS CURRICULARES:

- Coñecer o seu corpo e as súas posibilidades de acción, así como o corpo dos outros aprendendo a respectar as diferenzas.
- Desenvolver as súas capacidades para un desenvolto axeitado das súas posibilidades.
- Facilitar a participación activa e responsable no medio familiar e social.
- Facilitar a inserción social con actitudes de compromiso coa contorna, cara ao medio ambiente.
- Proporcionar experiencias vivas que favorezan a comprensión dos outros e de si mesmos con aprecio da autoestima positiva e o desenvolto da intelixencia emocional.
- Promover relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia .
- Alcanzar máximos niveis de autonomía persoal de forma que a súa inserción social sexa unha adaptación harmónica da súa individualidade á realidade social, sen menoscabo da súa autoestima e do seu dereito á felicidade como resultado da formación integral recibida.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na aproximación a lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

1.1 MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN:

- Actividades que axuden a construír aprendizaxes significativas, partindo do que coñecen.
- Organizaremos experiencias de aprendizaxe de forma que tódolos alumnos e alumnas participen e progresen en función das súas posibilidades .
- Estratexias metodolóxicas activas que partan da motivación intrínseca.
- Aprendizaxe cooperativo e disciplina positiva.
- Experiencias e actividades con diferentes graos de complexidade segundo a idade e maduración.
- Agrupamentos flexibles en equipos de convivencia, axudando aos/ás nenos/as con necesidades específicas.
- Creación de espazos que favoreza a autonomía, a experimentación e a igualdade de oportunidades para nenas e nenos.
- Estableceranse rutinas, en períodos curtos de tempo que permita aplicar unha metodoloxía activa, flexibilizando as actividades a realizar en función dos seus intereses.

- Potenciación dun clima de respecto e valoración entre o alumnado establecendo canles de comunicación que propicien a cohesión do grupo e a regulación da vida na aula.

1.2 RECURSOS PREVISTOS:

- Recursos humanos .
- Recursos da contorna, tanto naturais como familiares, sociais,... sempre en colaboración coas familias de cada grupo clase e con distintas asociacións (ASPANANE, CIM, Concello, Fundación Meniños, Asociación Síndrome de Down,...).
- Recursos tecnolóxicos cos que conta o centro (EDIS, ordenadores, tabletas, escornabots, mesas de luz), minguados pola antigüidade dos equipos e os múltiples fallos dos sistemas operativos.
- Recursos materiais do centro, da biblioteca e do Patio Dinámico Inclusivo.

2 - CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

- Renovar os documentos que corresponda.

- CONCRECIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Realizamos unha “Xornada de acollida” para todas aquelas familias do alumnado de novo ingreso no mes de xuño. Durante o período de matriculación, fíxose entrega dun pequeno conto realizado polo equipo docente para facilitar a entrada e a adaptación dos/as nenos/as e dar seguridade ás familias.

Antes de iniciarse as clases tivo lugar unha reunión presencial coas familias na que se deron a coñecer as normas do centro e o calendario a seguir durante o período de adaptación.

Durante o mes de setembro fíxose unha organización especial que fai referencia aos seguintes aspectos: colaboración e participación coas familias, redución do horario e actividades encamiñadas cara a unha mellor adaptación co agrupamento flexible do alumnado.

Esta entrada graduada das nenas e dos nenos que comezan o novo curso fíxose durante os días marcados na Orde do 20 de maio de 2022 posibilitando unha incorporación flexible acordada coas nais e pais posibilitando unha adaptación positiva ao novo contexto.

Nas actividades programadas para estes días prestase especial atención ao descubrimento e exploración dos espazos, manipulación de materiais dentro da aula, interacción e integración no grupo clase así como iniciación de rutinas de hixiene e desinfección.

Á hora de avaliar este período centrarémonos en actitudes e comportamentos do tipo de: aspectos de relacións, adaptación á escola, personalidade, xogo, hábitos básicos de autonomía uso da linguaxe, actitudes e aptitudes fronte a realidade escolar. Como medio para avaliar utilizaremos a observación directa, como estipula o novo currículo, a través das actividades que se realicen e as interaccións dos alumnos. Temos en conta algunhas consideracións en canto aos momentos especialmente significativos (a chegada, o reencontro coa familia, o primeiro día da semana,...) e ás observacións que se realizarán en distintas situacións procurando as mesmas circunstancias para tódalas nenas e tódolos nenos.

3 - CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

As medidas enmárcanse esencialmente dentro do Plan de acción tutorial, constitúen un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución das nosas metas. Preténdese:

- Dar a coñecer as directrices para o presente curso.
- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Repartir equilibradamente as responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima partindo do Plan de intelixencia emocional.
- Crear un clima axeitado de confianza tanto na aula como entre a Comunidade educativa.
- Rexeitar as actividades discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Crear un clima de cooperación e axuda as familias para facilitar as nenas e os nenos que se incorporen por primeira vez ao centro unha adaptación axeitada.

O período de recreo é outro dos momentos onde se producen con frecuencia incidencias ou conflitos entre o alumnado polo que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Continuaremos implicados no funcionamento do PATIO DINÁMICO INCLUSIVO, cun deseño claro e axeitado de xogos.

Resulta imprescindible a colaboración coas familias:

- Dando modelos positivos de conduta e relación cos demais, intentando resolver conflitos sen aceptar a violencia,...
- Exercendo o principio de autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación das súas fillas e dos seus fillos.
- Cooperando co centro en casos de indisciplina, agresividade etc.
- Non desautorizando ó profesorado diante das/dos fillas/os.
- Fomentando nos seus fillos e nas súas fillas a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía e o respecto ós outros.
- Coidando o crecemento emocional, ensinándolles a identificar o que sente, a expresalo e xestionalo.
- Impedindo que as/os súas fillas/os accedan a contidos de TV, videoxogos, internet, etc. inadecuados a súa idade, ofrecéndolles sempre múltiples alternativas.
- Evitando a sobre protección das/dos seus fillas/os.
- Revalorizando o centro escolar como un espazo de ensinanza e formación.

Contamos co servizo da orientadora pertencente ó CEP Lois Tobío que ten asignado horario semanal de atención ás familias e ó alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con necesidades educativas especiais. O centro establece tamén coordinación cos Servizos Sociais locais, Servizos de Atención Temperá e Asociación Síndrome de Down- Lugo, para todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos.

MEDIDAS DE INTERVENCIÓN EN SITUACIÓNS DE CONFLITO

As respostas xeneralizadas, coordinadas e coherentes conformarán un estilo persoal do centro ó abordar os conflitos, que a longo prazo xerará máis satisfacción e benestar.

Protocolo de actuación:

- Os conflitos xerados polo alumnado serán afrontados en primeira instancia pola titora á que corresponde a valoración dos feitos ou incidencias así como a toma de decisións.

No caso de estar involucrados outros docentes ou persoal do centro poderá requirir a súa colaboración para contrastar a información e determinar o ocorrido.

- Cando a titora perciba ou coñeza que existe a posibilidade de que se produzan situacións de abuso ou maltrato entre iguais, comunicarallo ó Equipo Directivo coa finalidade de establecer mecanismos que permitan indagar no alcance dos feitos e poder establecer conxuntamente actuacións a seguir.
- Pódese solicitar a colaboración da orientadora do Centro nos casos que poida ser de axuda, en canto a un enfoque correcto dun conflito, ou ben cando se detecten problemas de índole familiar que poidan estar afectando ou prexudicando ó alumno/a.
- No caso de que os feitos acontecidos así o requiran pola súa gravidade, a Dirección do centro, requirirá a intervención da Comisión de Convivencia do Consello Escolar.

Nos procesos de escolarización, para favorecer a adaptación e a integración do alumnado inmigrante, de novo ingreso e/ou incorporación tardía, temos en conta MEDIDAS DE INTEGRACIÓN que supoñen:

- Axudar ó alumnado a integrarse plenamente no centro.
- Atender ás necesidades educativas e comunicativas dese alumnado.
- Favorecer un clima de convivencia e tolerancia.
- Establecer un primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo, o centro, protocolos, período de incorporación e/ou adaptación, sempre a criterio da titora.
- Trasladar información ó profesorado que atenda a/o alumna/o e si resulta preciso a todo o centro.
- Apoiar e colaborar en cuestións socio familiares.

Asemade a titora deberá:

- Recadar nunha primeira entrevista a información necesaria.
- Facilitar á familia a información que necesite.
- Establecer coa familia pautas para un contacto constante.
- Determinar o seu nivel de competencia no idioma no caso de alumnado de procedencia estranxeira.
- Realizar a avaliación inicial.
- Servir de enlace e referente co profesorado e as compañeiras/os.
- Mostrar normas e pautas de comportamento e de traballo.
- Informar sobre actividades e situacións escolares que poden resultar novidosas.
- Facer participe activamente a/o alumna/o naqueles aspectos nos que sexa competente.

Dentro do grupo-clase tentarase de :

- Informar sobre a nova compañeira/o.
- Organizar actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva.
- Facer un seguimento do proceso de integración
- Adaptar a resposta educativa ás necesidades da/do alumna/o.

En consonancia co Plan de Convivencia solicitamos a participación nos Contratos-Programa dentro dos apartados:

CPInclúe (INCLÚE-T , IGUÁL-T , EDUEMOCIONA-T) e **CPInnova** (EDUsaúde e EDUsostible)

Estes proxectos teñen como obxectivo prioritario mellorar a convivencia no centro a través da prevención de situacións de discriminación de todo tipo. Promovendo a COEDUCACIÓN e as condutas igualitarias para tratar de evitar a violencia de xénero e a LGTBfobia, así como crear hábitos saudables de movemento a través de PAUSAS ACTIVAS ao longo da xornada escolar pero tamén de calma e relaxación a través de obradoiros de ioga, que contribúan ao benestar sociocomunitario. Asemade tentando de sensibilizar a toda a Comunidade Educativa e especialmente ás nenas e os nenos para ser parte activa dunha sociedade diversa e respectuosa. Continuando co traballo de Concienciación Emocional como unha necesidade fundamental para axudar ao alumnado na identificación das emocións propias e alleas pero tamén na súa xestión para un mellor desenvolvemento do respecto, da empatía e da formación integral como persoas.

4 - CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

Para atender a diversidade do alumnado terase en conta:

En relación á identificación das NEAE do alumnado:

- Valoración das NEAE en colaboración co DO, PT e AL.

En relación co alumnado:

- Apoio ao profesorado en función das necesidades do alumnado, tendo en conta os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Atención directa e individual en función das necesidades e actividades a realizar.
- Prevención de dificultades comunicativo-lingüísticas e estimulación da linguaxe .
- Prevención e estimulación dos alumnos considerados de risco.
- Identificación dos coñecementos previos deste alumnado.
- Período de adaptación para o alumnado de nova incorporación ao longo do curso, si se considera necesario.

En relación co profesorado e o propio centro:

- Asesoramento e colaboración nas distintas áreas para o grupo-clase, deseñando e practicando estratexias de aprendizaxe e materiais axeitados.
- Orientación das adaptacións necesarias para a mellor adquisición dos contidos curriculares.
- Formando parte do D.O e da Comisión Coordinación Pedagóxica.

- Establecendo unha correcta coordinación entre todos os profesionais que teñen unha relación directa co alumnado.
- Colaborando no deseño, seguimento e avaliación de programas de intervención para o alumnado con NEAE
- Colaborando na avaliación continua do proceso de aprendizaxe nas distintas áreas curriculares
- Colaborando na elaboración de documentos conxuntos do propio centro (PXA, memoria final...).

En relación coas familias:

- Colaboración, coordinación e asesoramento ás familias do alumnado con distintas modalidades de atención a diversidade tendo en conta as directrices do D.O.
- Establecer un contacto directo coas familias, de ser necesario mantendo reunións para tratar aspectos sobre a evolución da nena/o.

En relación cos profesionais externos ó centro:

- Colaboración e asesoramento coa Unidade de Atención Temperá, Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, Servizo de Menores, Asociación Síndrome de Down,....
- Colaboración, coordinación e asesoramento con profesionais externos ao centro.

O alumnado con NEAE contará cos espazos comúns a todos os alumnos/as, sendo modificados segundo as necesidades concretas e facilitando sempre a interacción.

Referente ao tempo, este estará marcado en función das necesidades concretas de cada alumno e sempre tendo en conta as orientacións pedagóxicas do D. O. En todo caso esta variable estará suxeita as medidas de flexibilidade segundo as necesidades que vaian xurdindo. Para o alumnado con NEAE utilizarase o mesmo material que cos compañeiros e compañeiras, na medida do posible, asemade de ser necesario adaptaráselle materiais e contarase con outro máis específico para salientar as dificultades.

5 - CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

- ÓRGANOS DE GOBERNO:

CONSELLO ESCOLAR

COMPOSICIÓN	APELIDOS E NOME	DATA RENOVACIÓN
Presidenta	Ferreiro Maseda, Carmen	2025
Repr. Concello	Fernández Fernández-Noriega, Lara	2022
Repr. Adm. Serv	Soto Moreno, Miguel	2023
Repres. Pais/Nais	Rivas Bouza, Javier	2025
Repres. Pais/Nais	Vale Fraga, Iván	2022
Repres. Pais/Nais	Pablo	2025
Repres. Profesorado	Fernández Pérez, Jacinta	2025
Repres. Profesorado	Fernández Novo, Rocío	2023

CLAUSTRO DE PROFESORES

APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
Fernández Novo, Rocío	
Fernández Pérez, Jacinta	
Fernández Soto, Ana M ^a	Orientadora
Ferreiro Maseda, Carmen	
Janeiro Rodríguez, Francisco	Relixión
Méndez Bravo, Pablo	Inglés
Méndez Salgado, Cándida	PT
Quintela Díaz, Uxía	
Rey Rouco, M ^a Jesús	AL
Rodríguez Otero, M ^a Mercedes	Apoio

- ÓRGANOS UNIPERSOAIS:

CARGO	APELIDOS E NOME	PERÍODO DE NOMEAMENTO
DIRECTORA	Ferreiro Maseda , Carmen	01/07/21 a 30/06/25

- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

EQUIPO DE CICLO

COMPOSICIÓN	APELIDOS E NOME	CURSO/GRUPO	ESPECIALIDADE
Membros:			
	Fernández Novo, Rocío	4º A	E.I.
	Ferreiro Maseda, Carmen	5º A	E.I
	Fernández Pérez, Jacinta	5º B	E.I.
	Quintela Díaz, Uxía	6º A	E.I.
	Rodríguez Otero, M ^a Mercedes	Apoio	E.I.
	Méndez Bravo, Pablo	Inglés	Inglés
	Rey Rouco, M ^a Jesús	AL	AL
	Méndez Salgado, Cándida	P.T	P.T

Ó tratarse dun Centro no que só se imparte o segundo ciclo de E.I., o equipo de ciclo está composto por todo o Claustro, coordinado por Rodríguez Otero, M^a Mercedes.

Coordinadora da Comisión de Coordinación Pedagóxica e coordinadora do Programa Biblioteca Creativa e CPInclúe- Inclúe-T:	Rey Rouco, M ^a Jesús
Coordinadora de equipo da Biblioteca Escolar:	Ferreiro Maseda, Carmen
Coordinador do Plan T.I.C e Plan Dixital:	Méndez Bravo, Pablo
Coordinadora do Equipo de Actividades Extraescolares	Fernández Novo, Rocío
Responsable CPInclúe-Iguála-T:	Méndez Salgado, Cándida
Coordinador do Plan de Convivencia:	Méndez Bravo, Pablo
Coordinadoras do Proxecto Voz Natura e Responsable CPInnova-EDUsostenible:	Quintela Díaz, Uxía
Responsable CPInnova- EDUsaúde:	Ferreiro Maseda, Carmen
Responsable CPInclúe- Emociona-T	Rodríguez Otero, M ^a Mercedes

-COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

A comisión de coordinación pedagóxica está formada polos seguintes membros:

Directora, coordinadora da biblioteca :	Ferreiro Maseda, Carmen
Profesora de A.L:	Rey Rouco, M ^o Jesús
Coordinadora de ciclo:	Rodríguez Otero, M ^a Mercedes
Profesora P.T :	Méndez Salgado, Cándida

- ADSCRICIÓN DO PROFESORADO POR TITORÍAS

ETAPA / CICLO	NIVEL GRUPO	Nº ALUMOS/AS	PROFESOR- TITOR	Sit. Admin
Infantil	4ºA	19	Fernández Novo, Rocío	DD
	5ºA	14	Ferreiro Maseda, Carmen	DD
	5ºB	13	Fernández Pérez, Jacinta	DD
	6ºA	20	Quintela Díaz, Uxía	DD

- PROFESORADO SEN TITORÍA

FUNCIÓN/ESPECIALIDADE	NOME E APELIDOS	Sit. Admi
A.L	Rey Rouco, M ^o Jesús	DD
Inglés	Méndez Bravo, Pablo	DD
P.T	Méndez Salgado, Cándida	DP
Apoio	Rodríguez Otero, M ^a Mercedes	DD

- ALUMNADO

GRUPOS	EDUCACIÓN INFANTIL			
	4 ^o	5 ^o	6 ^o	TOTAL
A	19	14	20	
B		13		
TOTAL	19	27	20	66

6- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos colexiados deberan en todo momento:

- Velar pola efectiva realización dos fins da educación e pola mellora da calidade do ensino.
- Velar polo cumprimento das medidas tanto de prevención como de organización estipuladas nos Protocolos.
- Garantir o exercicio dos dereitos do alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizo.
- Favorecer a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na xestión e avaliación do centro.

Claustros e Consello Escolar	Unha reunión por trimestre
Comisión de coordinación pedagóxica	Unha vez ó mes
Equipo de ciclo e nivel	Unha vez ó mes
Equipos e comisións	Unha vez ó mes
Reunións xerais	Unha vez ó mes

As reunións serán os mércores de 17:00 a 19:00 horas podendo realizarse tanto presencial como telemática, si fose preciso nalgún momento do curso.

7- PLAN DE ACTUACIÓN DA DIRECCIÓN

Asumir as novas circunstancias do centro ao perder unidades e compaxinar as funcións de dirección, secretaría, titoría e coordinación da biblioteca escolar.

8 - XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

HORARIO XERAL DO CENTRO

En períodos de sesión única	Servizo de comedor
de 9:20 a 14:20	de 14:20 a 16:00
	Actividades extraescolares: biblioteca escolar luns e mércores de 16:00 a 17:00

HORARIO DAS HORAS COMPLEMENTARIAS FIXAS

DÍA	HORA	TIPO DE ACTIVIDADE
MÉRCORES	16:00 19:00	Titorías, planificación de documentos, seguimento do alumnado e avaliacións. Reunións de equipos, niveis, atención a biblioteca escolar.

O profesorado realiza 30 horas semanais de dedicación ó centro, 25 das cales son lectivas, as restantes son para titorías, gardas de transporte, atención á biblioteca, reunións de equipos e dos órganos de organización do centro,...

HORARIO DE APERTURA DA BIBLIOTECA ESCOLAR

DÍA	HORA	TIPO DE ACTIVIDADE
LUNS	16:00 / 17:00	Lectura e empréstitos
MÉRCORES	16:00 / 17:00	Lectura e empréstitos

MODIFICACIÓNS DO CALENDARIO ESCOLAR

DÍAS NON LECTIVOS DE ELECCIÓN PROPIA	OUTRAS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN
15 e 16 de maio de 2023	

9 - QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS

PERÍODO DE RECREO		
Horarios de recreo en tres quendas		Zonas de atención preferente
11:30 a 12:00	4º,5º,6º	zona patio inferior e superior, en alternancia

Vixilancia no recreo

O profesorado de vixilancia atenderá ao alumnado do seu grupo co apoio dos especialistas

10- PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Reunións trimestrais	CLAUSTRO	CONSELLO ESCOLAR
1º trimestre	01 de setembro de 2022 05 de outubro de 2022	06 de outubro de 2022
2º trimestre	25 de xaneiro de 2023	26 de xaneiro de 2023
3º trimestre	28 de xuño de 2023	29 de xuño de 2023

11- PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

	EQUIPO DE CICLO		
1º trimestre	05 - 10 - 22	02 - 11 - 22	07 - 12 - 22
2º trimestre	11 - 01 - 23	01 - 02 - 23	01 - 03 - 22
3º trimestre	12- 04 - 23	03 - 05 - 23	07 - 06 - 23

12 - PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Todo o profesorado do centro acordou participar activamente en programas e plans de innovación educativa:

- PLAMBE, Proxecto de Mellora das Bibliotecas Escolares “Había unha vez unha biblioteca máxica: reescribindo unha nova biblioteca”, tamén participaremos no programa BIBLIOTECA CREATIVA así como nas propostas que se fagan dende a Asesoría de bibliotecas escolares sempre que se adapten ao noso centro..
- KOHA, xestión da biblioteca escolar.
- Plans de Innovación educativa da Consellería:
Contratos Programa : -CPIInclúe: IGUÁLA-T, INCLÚE-T, EDUMOCIÓNA-T
-CPIInnova: EDUsaúde e EDUsostenible
- “Voz Natura” da Voz de Galicia- “Había unha vez unha comunidade cada vez máis sostible”.
- Proxecto Patios Dinámicos Inclusivos.
Asemade continuamos cun PFPP no centro co que pretendemos abordar e investigar novas propostas metodolóxicas que permitan integrar de forma axeitada os proxectos de innovación nesta etapa educativa e o Plan Dixital do.

FORMACIÓN DO PROFESORADO

MODALIDADES DE FORMACIÓN	Nº PARTICIPANTES
Cursos CEFORE	8
Grupos de traballo / Seminario	8
Programas e prox. Innovación educativa	8
Proxectos europeos	
Licenzas estudos	
Cursos especialización	
Prox. Form. Centros.	8

13 - MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Os materiais curriculares establecidos para cada nivel están acordos coa nosa metodoloxía de traballo por proxectos, formando parte dun proxecto integral de centro, e elaborados entre todo o profesorado.

Os materiais elaborados tamén están en función da nosa participación nos proxectos arriba sinalados, en concreto:

-Dentro do o noso Proxecto PLAMBE da biblioteca co que pretendemos implicar á comunidade educativa non só na importancia dos contos, eixe fundamental do que parte o

traballo diario nas aulas, dos contos contados e das historias, lendas, ditos,...a tradición oral da nosa comunidade pero tamén dun achegamento a todo tipo de escritura e lecturas.

- Un traballo globalizado a través, de varios Plans de Innovación, tentando de concienciar sobre a importancia do respecto pola diversidade, pola igualdade e pola inclusión como xeito de traballar por un mundo mellor. Pero tamén implicar a comunidade da necesidade da creación de hábitos saudables axeitados a idade do noso alumnado e como prevención de enfermidades cara o futuro, boas prácticas ambientais e de saúde (redución de plásticos, coidado do medio, hábitos de alimentación, exercicio,...) e o coñecemento do espazo onde vivimos e do patrimonio que nos rodea.

- O proxecto Voz Natura implica a recuperación e coidado do medio a través de accións concretas e a concienciación de toda a comunidade no coidado do medio e do planeta. Realizaremos pequenas intervencións na horta mancomunada preto do centro na que plantamos sementes na primavera que recolleremos no mes de setembro do curso 2023/2024.

14 - PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

TRIMESTRE	Data	Nivel	ACTIVIDADE A REALIZAR	RESPONSABLES
1º	out.	4º,5º,6º	Mes da biblioteca: comezamos a remodelación integral da mesma	Profesorado
	18 out.	6º	Participación nas actividades de SuperArte.	Concello/ Profesorado
	19 out.	5º	Día das escritoras	Profesorado
	out	4º,5º,6º	Samaín - Halloween	Profesorado
	out., nov.,dec.	4º,5º,6º	Saídas ó medio, pola localidade, horto,....	Profesorado
	out., nov.,dec	4º,5º,6º	Actividades en colaboración con asociacións , Concello e/ou entidades varias.	Profesorado/ entidades colaboradoras
	out., nov.,dec	4º,5º,6º	Actividades colaborativas	Profesorado/ Microrrede da Mariña
	nov .	4º,5º,6º	Magosto Coeducativo e Inclusivo	Profesorado
	20 nov.	4º,5º,6º	Día dos dereitos da infancia	Profesorado
	25 nov .	4º,5º,6º	Día escolar pola Igualdade e contra a Violencia de Xénero.	Profesorado
	3 dec	4º,5º,6º	Día Mundial da Discapacidade	Profesorado
	dec.	4º,5º,6º	Calendario 2023	Profesorado
	dec .	4º,5º,6º	Campaña de Nadal.	Profesorado
	dec.	4º,5º,6º	Celebración de Nadal	Profesorado
2º	xan.,feb., mar.	4º,5º,6º	Saída ao medio, pola localidade, horto,...	Profesorado
	xan.,feb., mar.	4º,5º,6º	Actividades colaborativas Lecturas na praza	Profesorado/ Microrrede da Mariña

	xan., feb., mar.	4º,5º,6º	Actividades en colaboración con asociacións , Concello e/ou entidades varias.	Profesorado/ entidades colaboradoras
	30 xan.	4º,5º,6º	Día Escolar da non Violencia e a Paz	Profesorado
	11 feb.	4º,5º,6º	Día da Muller e da Nena na Ciencia	Profesorado
	feb.	4º,5º,6º	Entroido e Enterro da sardiña	Profesorado/familias
	21-24 feb.	4º,5º,6º	Día da lingua materna e Día de Rosalía	Profesorado
	8 mar.	4º,5º,6º	Día da muller e a Igualdade no traballo.	Profesorado/CIM
	20-21 mar	4º,5º,6º	Día da narración oral e Día da poesía	Profesorado
	21 mar	4º,5º	Día Mundial do Síndrome de Down	Prof. /entidades
	21-22 mar	4º	Día da auga e dos bosques	Prof. /entidades
3º	2 abril	4º,5º,6º	Concienciación sobre o Autismo	Profesorado/familias
	2 abril	4º,5º,6º	Día do Libro Infantil	Profesorado/familias
	abril,maio, xuño.	4º, 5º, 6º	Saídas ao medio, pola localidade, horto,...	Profesorado
	abril,maio, xuño	4º,5º,6º	Actividades en colaboración con asociacións , Concello e/ou entidades varias.	Profesorado/ entidades colaboradoras
	abril,maio, xuño	4º,5º,6º	Actividades colaborativas	Profesorado/ Microrrede da Mariña
	22 abril	4º,5º,6º	Día Mundial da Terra.	Profesorado/entidade
	24 abril	4º,5º,6º	Día do Libro e dos Dereitos de Autor.	Profesorado
	maio	4º,5º,6º	Letras Galegas	Profesorado
	maio	4º,5º,6º	Os maios	Profesorado
	17-20 maio	4º,5º,6º	Día Mundial da Reciclaxe e Día Mundial das abellas	Prof./ entidades
	5 xuño	4º,5º,6º	Día Mundial do Medio Ambiente	Prof./entidades
	8 xuño	4º,5º,6º	Día Mundial dos Océanos	Prof./entidades
	xuño	6º	Visita ó CEP Lois Tobío	Prof./CEIP Lois Tobío
	xuño	4º,5º,6º	Celebración Fin de curso	Profesorado

<p>Todo o curso</p>	<p>Participación nos proxectos sinalados en apartados anteriores.</p> <p>Obradoiros en familia. As familias virán ao centro para compartir distintas actividades (talleres, contadas, ...) co alumnado.</p> <p>Colaboracións coa Deputación, Plan Director, Asociación Síndrome de Down, Escola Galega de Consumo, CIM, Concello de Viveiro, Horta Mancomunada,...</p> <p>Visitas ao medio e pola localidade.</p> <p>Participación nas propostas que oferten outras entidades e asociacións.</p> <p>Tamén actividades, tanto presencial como en streaming, con profesionais e asociacións que se adapten aos nosos proxectos.</p>	<p>Profesorado / familias / profesionais específicos/ asociacións e entidades varias.</p>
---------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------

15 - PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O centro conta con tres portas de entrada, unha principal e dúas no patio, asemade unha de emerxencia na planta superior con saída o patio e unha nova na biblioteca con saída tamén ao patio .

O plan será posto en práctica en función das circunstancias de desenvolvemento do curso

ELEMENTOS DE SEGURIDADE	Nº	LOCALIZACIÓN
Saídas de emerxencia	3	2 portas patio inferior 1 porta corredor superior
Caixas de urxencia	10	3 no piso alto 1 na entreplanta 3 na planta baixa 2 no patio 1 na ludoteca
Elementos contra incendios	10	3 na entreplanta 3 na planta alta 1 na caldeira
Outros (Mangueiras)	3	1 entreplanta 1 planta baixa 1 na planta alta

Plan de evacuación

Fixéronse unhas suxestións de mellora o pasado curso que teremos en conta:

- Vixiar que as fiestras das aulas queden pechadas.
- A prioridade é evacuar con rapidez. Con posterioridade farase unha análise.

Exemplo de simulacro:

A causa, o incendio dunha papeleira, produce un gran desprendemento de fume, na primeira aula da planta baixa.

Será valorada como emerxencia xeral, o que implica evacuación do centro e intervención de axentes exteriores (protección civil, bombeiros.....)

Tempo total estimado: trinta minutos, cos seguintes intervalos de actuación:

- Min. 0: Detección de emerxencia.
- Min. 0 a 2 : Alerta, comprobación e alarma xeral (faise sonar o timbre específico para esta función)
 - Aviso directora do centro
 - Evacuación: Total / Parcial
- Min. 2 – min. 5 : Aviso bombeiros e protección civil.
- Min. 5 – min. 15: Pasar lista alumnado no punto de encontro, situado no patio cada aula o carón da súa mascota.
- Min. 15: Chegada bombeiros e protección civil, recepción e información.
- Min. 15: Control e extinción do incendio polos bombeiros.
- Inspección e fin da emerxencia, autorización para voltar as aulas.

PROTECCIÓN DO ALUMNADO

PROCEDIMENTO PARA ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIAS SEGUINDO O PROTOCOLO DE EMERXENCIAS E ENFERMIDADES CRÓNICAS

En situacións de emerxencia seguiremos a conduta **PAS**:

-PROTEXER o alumno, afastando o perigo.

-AVISAR, preferentemente o 061 ou o 112, dando a información correctamente: lugar exacto, tipo de problema, de accidente, número de persoas afectadas, cal é o seu estado e a nosa identificación. A continuación seguiremos sempre as súas instrucións

-SOCORRER seguindo unha orde de prioridades básicas: salvar a vida, evitar que se agraven as lesións, organizar transmitindo as instrucións dos servizos de urxencia.

PROCEDIMENTO NO CASO DE ACCIDENTES LEVES

A primeira persoa AVISA sen separarse do/a accidentado/a	<ul style="list-style-type: none">▪ Avisa ou manda aviso a outros.▪ Despexa o espazo, afastar perigos.▪ Dá as primeiras instrucións.▪ Transmite a información que teña.
O profesorado ATENDE	<ul style="list-style-type: none">▪ Atención persoal do accidentado en todo momento, ata que se faga cargo a familia.▪ Seguimento e relación coa familia.▪ Dar copia do parte de incidencias a familia

CONTROL DAS PERSOAS QUE ACCEDEN Ó CENTRO	RESPONSABLE
Condições que figuran nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) .	O profesorado

Ningún alumno pode abandonar o Centro en horario escolar sen que se fagan cargo del os pais ou persoa debidamente autorizada, deixando constancia por escrito. Asemade, calquera cambio de procedemento (transporte, comedor, persoa que os recolle...) terá que ser comunicado por escrito e coa debida antelación, e a consabida autorización.

16 - PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

HORARIO DO PERSOAL NON DOCENTE

FUNCIÓN	APELIDOS E NOME	HORARIO
AUX. COIDADORA	Quelle Martínez, M ^o Dolores	Horario completo
CONSERXE	Soto Moreno, Miguel	Asignado 7 h. (de 8:00 a 14:45, de luns a venres. Mércores, de 16:00 a 17:15)
LIMPEZA	Limpezas	3 h, dúas limpadoras.
AUXILIAR	Castelo Bouza, Sandra	Asignada 7 h. (de 8:00 a 14:45 de luns a venres. Luns, de 16:00 a 17:00)

17- HORARIO DE ATENCIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA.

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 10:05 a 10:50		DIRECCIÓN			

18 - PLAN PARA A PONTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Reunións Colectivas

ETAPA	NIVEL	DATA DAS REUNIÓNS
INFANTIL 1º trimestre	4º , 5º, 6º	06 de setembro de 2022
INFANTIL 2º trimestre	4º, 5º, 6º	08 de febreiro de 2023
INFANTIL 3º trimestre	4º, 5º, 6º	21 de xuño de 2023

Entrevistas Individuais coas familias.

ETAPA	DÍA DA TITORÍA	HORAS
Infantil	mércores, (excepcionalmente acordar outras sesións coas familias que non poidan conciliar)	De 16:00 a 17:00

Información por escrito sobre o resultado da avaliación cada trimestre.

ÉPOCA DO ANO	DATA DE ENTREGA DE BOLETÍNS
1º trimestre	22/12/22
2º trimestre	31/03/23
3º trimestre	21/06/23

19 - PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar integrado correspóndelle á empresa:

“Autobuses de Viveiro . Otero S.L.”, número de contrato XG618

O transporte compártese co CEP Lois Tobío. A recepción do alumnado transportado é realizada polo profesorado nas entradas e acompañado tamén nas saídas.

20- REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Trátase dun servizo de xestión indirecta, tipo A (ata 75 comensais), con 29 comensais, neste momento, de un total de 34 prazas. O persoal de atención aos nenos/as está formado 2 coidadoras . A empresa concesionaria é:

EUREST COLECTIVIDADES S.L/ SCOLAREST

As actuacións a seguir durante o curso son :

- Incorporación na aplicación Comedores para a elaboración mensual de:
 - Lista de usuarios.
 - Cubertos consumidos.
 - Pagamentos.
- Envío á Consellería de Educación e O. U. –Servizos Complementarios- Comedores Escolares – Santiago de Compostela (a mes vencido):
 - Listado de alumnos/as usuarios.
 - Cubertos consumidos.
- Envío documentación a empresa concesionaria:
 - Cubertos consumidos
 - Listado de usuarios con importe

Organización interna

O espazo do comedor usarase para esta función no horario establecido para este servizo.

Antes das 10:00 horas faise un recuento dos usuarios de comedor e infórmase a empresa dos comensais para ese día. As familias teñen a obriga de comunicar, antes das 9:45 se non van facer uso do servizo.

Seguindo o protocolo do comedor, o alumnado que obteña praza, deberá ter adquirida a suficiente autonomía a hora de comer so, e os hábitos alimenticios e hixiánicos que lles corresponda pola súa idade, así como o control de esfínteres e a introdución na súa dieta habitual de todo tipo de alimentos.

Seguiranse as seguintes normas:

- As coidadoras sensibilizarán ao alumnado da necesidade de comer de forma variada , algo de cada un dos tres pratos servidos.
- Pediran o que necesiten, ás coidadoras, erguendo a man. Poderanse levantar soamente para ir o aseo.
- Normas básicas de convivencia: falar baixo, non tirar a comida, non correr, utilizar os cubertos, ...

Á saída do comedor, os nenos/as serán recollidos polos pais/nais/titores legais ou persoas que autoricen por escrito. A persoa responsable informará das incidencias ocorridas: inapetencia, pouca toma de alimentos, comportamentos pouco axeitados,....

A información ás familias será mensualmente dos menús a través da páxina web e puntualmente de producirse algunha incidencia.

21 - PLAN DA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

USO DAS INSTALACIÓNS

CONDICIÓNS DE USO	
PARA PERSOAS ALLEAS	PARA ASOCIACIÓNS, SINDICATOS, MRP,...
Condicións que figuran no NOF Presentación de solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación provincial á Xefatura Territorial de Educación.	As persoas que desexen utilizar as dependencias do centro, deberán solicitar un permiso á dirección do Centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización se procede.

HORARIO DE ZONAS DE USO COMÚN

Para a utilización dos espazos de uso común establececese un día a semana para cada grupo, marcando no seu horario unha sesión diaria tanto da ludoteca como na biblioteca.

22 - PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

Por mor da disolución da ANPA (no curso 2017/2018, unha asociación que databa do ano 1987) púxose en marcha a Escola de Nais e Pais ao abeiro do Resolución do 3 de xullo de 2018 (DOG 7 de agosto de 2018) coa realización de actividades de información e asesoramento para as familias.

23 - PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Faise unha revisión e avaliación continua que se levará a cabo:

- Mensualmente a **Comisión de Coordinación Pedagóxica**
- Trimestralmente o **Claustro de Profesores**

Unha avaliación final da memoria que deberá ser aprobada e informada polo Claustro e polo Consello Escolar.

O Claustro realizará unha valoración dos resultados de cada avaliación co grao de desenvolvemento da Programación Xeral Anual, recollendo todas as achegas de mellora. Na memoria de final de curso figurarán esas valoracións e recolleranse as achegas dos órganos colexiados. As suxestións serán propostas a estudar de cara a incluílas na seguinte PXA.

Ao longo do curso, poderemos incorporar propostas a esta programación sempre que previamente sexan informadas polo Claustro e posteriormente as corrobore o Consello Escolar.

En canto ás necesidades do centro :

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Mantemento e conservación (Responsabilidade do Concello)

<u>NECESIDADES URXENTES</u>	<u>OUTRAS NECESIDADES</u>
-Reparación das portas das aulas que quedaron sen pintar. -Arranxo no patio do firme do corredor que leva a ludoteca.	-Revisión do estado de canles de recollida de augas pluviais. -Arranxo de elementos por deterioro.

OBRAS R.A.M.(Reparacións, ampliacións e modificacións)

NECESIDADES URXENTES	OUTRAS NECESIDADES
Pintura da fachada exterior de todo o edificio e reparación do muro de contención lindante coa rúa Rego das Flores..	Restauración do mural no patio do artista Alfonso Costa Beiro.
Eliminación de barreiras arquitectónicas.	Reparación no patio do firme da zona que vai ata a entrada da ludoteca.

EQUIPAMENTO: MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO

IMPRESINDIBLE	OUTROS
-Equipamentos informáticos: ordenadores e impresoras con programas actualizados.	- Dispositivos informáticos de última xeración para cada aula e para cada mestra/e, tabletas e ordenadores portátiles para as titoras.
-Reposición de xogos para a zona do patio.	-Xogos para a ludoteca
-Reposición de mobles e andeis para as aulas.	-Mesas multitáctil para as aulas
- Proxectores de última xeración.	-Renovación de materiais didácticos de cada aula.

24 - PLAN ANUAL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Este Plan ten como referencia o Proxecto Lector do centro e Liñas Prioritarias de Actuación para o presente curso presentadas a Asesoría de Bibliotecas escolares para o presente curso tendo en conta que durante o primeiro trimestre a biblioteca estará inmersa nun proceso de remodelación total dos espazos espallados da mesma .

OBXECTIVOS:

- Promover campañas cara a unha utilización axeitada e responsable da biblioteca por toda a comunidade educativa .
- Utilizar o programa KOHA de xestión da biblioteca.
- Contribuír á toma de conciencia do importante papel que ten a familia no fomento da lectura como exemplo motivador .
- Coñecer diversos tipos de libros, textos,...fontes de información. Integrando o uso común das TICS coa creación de recursos e actividades para o uso dos escornabots, das tabletas,....
- Valorar tanto os libros como distintos medios nos que atopar información aprendendo a saber elixila e manexala de xeito crítico.
- Acercar á diversidade cultural do mundo no que vivimos para desenvolver e transmitir actitudes de respecto, tolerancia, e aprecio polas diferenzas, favorecendo así a inclusión e a igualdade.
- Espertar a ilusión pola aprendizaxe da lectura (prelectura).
- Descubrir a lectura como fonte de valores e tamén de pracer e diversión.
- Estimular a curiosidade e a creatividade.
- Avanzar cara a unha biblioteca inclusiva que fomente a aceptación da diversidade.
- Promover e afianzar as relacións e actividades colaborativas cos centros veciños dentro da “Microrrede da Mariña”.

Contribución a adquisición das competencias básicas dende a biblioteca:

Competencia en comunicación lingüística para que as nenas e os nenos sexan capaces de expresar os seus sentimentos, emocións, aprender a dialogar escoitando os demais, gozar da maxia dos contos , da poesía, da lectura dialogada,...

Competencia matemática axudándolles a coñecer un pouco mellor a súa realidade máis próxima, resolver sinxelos problemas da vida cotiá.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico mediante proxectos de traballo que faciliten o coidado e respecto pola conservación do medio e a preservación do patrimonio. Fomentando o pensamento científico a través da observación, a formulación de hipóteses,...

Tratamento da información e competencia dixital facilitándolles o emprego de distintas fontes de información e comunicación de xeito continuado usando as TICS.

Competencia social e cidadá moi presente no traballo diario: seguir as quendas, respectar as distancias de seguridade, escoitar os demais, ...

Competencia cultural e artística dando a coñecer manifestacións culturais e valorando o folclore, as obras e expresións artísticas do entorno próximo, así como o patrimonio que nos rodea. Así como sendo autores de producións sinxelas que axuden o desenvolvendo do pensamento diverxente e a creatividade.

Competencia para aprender a aprender relacionando os proxectos elixidos coas lecturas realizadas, co fin de que sexan capaces de realizar aprendizaxes autónomos, funcionais e que poidan empregar cando os necesiten.

Competencia en autonomía e iniciativa persoal transmitindo valores e actitudes persoais que pasan polo control emocional, a capacidade para solucionar problemas por si mesmos, a iniciativa e autonomía en propostas e actividades.

Os recursos empregados son:

RECURSOS HUMANOS

Contamos cun equipo de dinamización da biblioteca escolar dentro do Claustro e cunha coordinadora do Proxecto. Tamén mencionar a implicación e colaboración dos demais equipos (TIC,Voz Natura), e fundamentalmente das familias como axentes esenciais e colaboradores da biblioteca escolar.

RECURSOS ESPACIAIS

biblioteca de centro espallada en varios espazos.

bibliotecas de aula.

espazos para contacontos– exposicións.

aulas con EDIS.

aula ludoteca.

RECURSOS TEMPORAIS

Temos establecido nos horarios de cada grupo sesións semanais nas que poden utilizar a biblioteca.

Fora do horario escolar a biblioteca ábrese para as familias:consultas, empréstitos e lecer.

Tamén proporcionamos á comunidade educativa o protocolo de uso da biblioteca co resumo das normas a través do blogue de Librín (a mascota da nosa biblioteca).

Actividades e temporalización:

No presente curso o proxecto integral dende a biblioteca seguirá a proposta da Asesoría de Bibliotecas Escolares que leva por título: "Escribir a biblioteca escolar". A partir deste proxecto, o noso PIC "Reescribindo a biblioteca de Librín". Asemade, teremos en conta todas as propostas e programas que se propoñan dende a Asesoría de bibliotecas escolares e se adapten ao noso proxecto.

PRIMEIRO TRIMESTRE

As primeiras actividades serán:

-A posta en marcha das MOCHILAS VIAXEIRAS MÚLTIPLES con dúas por aula, a CAIXA MÁXICA DA LECTURA, a HORA DE LER.

-Comezaremos tamén coa actividade ESCOITAMOS COMO LES, CONTACONTOS, MONICREQUES, invitando tanto ás familias como a compañeiros e compañeiras doutros centros que queiran contar ou ler un conto para as/os nenas/os, tamén a través de streaming e/ou vídeo.

- Celebración do Día das escritoras e o día das Bibliotecas con actividades variadas, propostas polo equipo da biblioteca, así como guías de lectura.

Poñeremos en marcha:

-MOITO QUE CONTAR NA AVENTURA DE OIR - recuperando un día a semana o pracer e o arte de contar contos sen apoio do libro. Continuaremos coas actividades de contos, poesías, adiviñas, trabalinguas,...en consonancia cos proxectos.

-TERTULIAS DIALOGADAS- ensinando a pensar cun traballo onde a oralidade, a creatividade eo pensamento crítico serán fundamentais. Neste 1º trimestre tertulia musical ao arredor dun tocadiscos, as familias colaborarán a través dunha pequena proposta sobre unha canción.

- 1º actividade colaborativa da Microrrede da Mariña:RULANDO UNHA HISTORIA creando unha historia que vai pasando de centro a centro con forma de libro acordeón..

Para O NADAL: , guías de lecturas e actividades de animación á lectura.

SEGUNDO TRIMESTRE:

- Estudar a posibilidade de poder iniciar de novo o Club de lectura VERDECONTOS SALVATERRA durante o tempo de lecer unha vez ao mes.
- Celebración do Día da Muller e a Nena na Ciencia e o 24 de febreiro, o Día de Rosalía.
- Exposicións e celebración polo día da PAZ.
- Celebración o 21 de marzo do Día da poesía.
- Actividades nos espazos Maker

Outras das actividades que se poñerán en marcha serán:

-**TERTULIAS DIALOGADAS**- ensinando a pensar cun traballo onde a oralidade, a creatividade e o pensamento crítico serán fundamentais. No 2º trimestre xogando con espellos en torno a unha paisaxe, neste caso as familias colaborarán coa fotografía dunha paisaxe.

-**PINPANXOGO**- xogando e creando historias a partir de libros xogos.

-**POETE-ANDO**- xogando coa poesía sempre encaixándoa dentro dos proxectos

-**Obradoiros para familias**, retomando as actividades da escola de Nais e país.

-**Lecturas na plaza** compartindo lectura na praza maior do noso pobo con alumnado do centro ao que estamos adscritos e tamén en colaboración coa biblioteca municipal.

-**Contos que van e veñen**, libros que van e veñen da escola a casa e viceversa.

-**Dialogar un conto**, conversas sobre contos elixidos por eles. Deben elixir o conto sobre o que conversar dando as razóns polas que elixiron ese conto

Elaboración de materiais para os proxectos (libros, contos, murais, folletos,...).

TERCEIRO TRIMESTRE:

Celebración do mes dos libros, DÍA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL (2 de abril) e do DÍA MUNDIAL DO LIBRO E DOS DEREITOS DE AUTOR.

Continuación co traballo entre as bibliotecas, as familias e coa axuda das Concellerías de Cultura dos Concellos facendo actividades conxuntas como “Apadriñamentos lectores”, contacontos,... e consolidando as realizadas dentro da **MICRORREDE DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES DA MARIÑA** tamén con actividades nos meses do libro e as Letras Galegas, coa implicación de entidades, asociacións,... estas actividades serán preferentemente virtuais.

Outras das actividades que se poñerán en marcha serán:

-**TERTULIAS DIALOGADAS**- ensinando a pensar cun traballo onde a oralidade, a creatividade e o pensamento crítico serán fundamentais. Neste 3º trimestre a proposta é artística a partir dun cadro, as familias colaborarán cun recorte dunha parte dun cadro que lles guste.

- **EXPOSICIÓN** da actividade final da **MICRORREDE da MARIÑA**.

-**BOOK FACE**- difundindo e recomendando libro a través das composicións do noso corpo e os libros a través de instagram.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizase partindo da memoria do curso anterior e do repaso ó inventario e análise das necesidades feito polo Equipo da Biblioteca. Continuárenos familiarizándonos co Programa KOHA:

- O servizo de empréstitos.
- Subscricións e publicacións periódicas.
- Necesidades de libros e materiais : tipo, porcentaxes, idades, temática dos proxectos de traballo, idioma, materiais para o alumnado con NEAE, proposta dos equipos...

AVALIACIÓN CONTINUA

O longo do curso o Equipo de Biblioteca avaliará periodicamente os obxectivos e as actividades propostas a través da observación directa e das reflexións dos membros do Equipo, do Claustro e das propostas das familias. Asemade nas reunións de avaliación trimestrais cada nivel e cada titor avaliara o traballo feito na aula e nas sesións de biblioteca.

AVALIACIÓN FINAL E SEGUIMIENTO DO PROXECTO

Na memoria final revisanse os obxectivos, as actividades, os recursos, as novas propostas feitas este curso, os progresos do alumnado e como resulta a xestión desde KOHA.

25 - PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Continuaremos coa posta en marcha do Plan Dixital elaborado o curso pasado.

OBXECTIVOS:

- Dotar ao centro de ordenadores de sobremesa e portátiles, modernos.
- Dar continuidade aos **blogs** e á páxina **web do centro**.
- Creación do blog do Club de Lectura.
- Crear máis actividades para o **EDI** relacionadas co entorno próximo dos nenos/as e cos proxectos que se estean a traballar.
- Posibilitar accións en streaming para continuar colaborando con entidades, asociacións, familias, ...
- Crear o **Recanto Dixital na aula** dotado de:
 - o **Tableta**: que dotaremos de aplicacións e xogos interactivos axeitados e usaremos como un recurso máis para que o alumnado traballe contidos educativos.
 - o **Ordenador persoal con altofalantes, rato e impresora**: que tamén se empregará para reforzar contidos educativos e que o alumnado deberá de aprender a usar cada vez de maneira máis autónoma.
 - o **Mesa de Luz**: onde tamén se reforzarán contidos educativos traballados que axuden na consecución dos obxectivos dos proxectos de innovación.
 - o **Escornabot**: para traballar aspectos de orientación espacial, lateralidade así como calquera contido que queiramos dunha maneira máis motivadora e lúdica para o alumnado.
 - o **BIBLIOTECA CREATIVA**: continuamos neste proxecto.
- Continuar co uso de **Abalar** móbil como unha ferramenta de intercambio de información máis directa entre as familias e titoras e co centro educativo.
- Aumentar o número de mestras/es que teña un coñecemento mínimo para facer as labores administrativas do centro que son na meirande parte a través do **XADE**.
- Continuar mellorando en canto ao uso das novas tecnoloxías, tanto a nivel de hardware como de software: Filmora, Genially, Kinemaster, uso de diferentes aplicacións, e outros programas de edición de foto e vídeo. Learning apps, Point.net, etc

ACTIVIDADES:

- As mestras titoras así como as especialistas continuarán co mantemento do seu blog de aula e de especialidade.
- O coordinador TICs do centro comprométese a manter actualizada a web do centro.
- Os coordinadores do resto de equipos manterán actualizadas as súas respectivas seccións na páxina web do centro.
- Elaboraremos máis actividades para o **EDI** que sexan próximas aos nenos (con fotos da contorna próxima e dos mesmos nenos e nenas así como relacionadas cos proxectos que se estean a traballar) e crearemos unha carpeta nun ordenador de uso común, onde o profesorado se compromete a subir e compartir co resto de compañeiras/o as actividades desenvolvidas.
- Crearemos novos materiais para traballar cos escornabots e proposta para continuar mellorando a nosa Biblioteca Creativa.

METODOLOXÍA / RECURSOS:

Concibimos a educación como un proceso construtivo no que a actitude que manteñen mestra/e e alumno/a permite unha aprendizaxe significativa. Como consecuencia desta concepción construtivista do ensino, o/a alumno/a convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el/ela mesmo/a os seus esquemas de coñecemento, sendo o rol da/o mestra/e o de guía que pon en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno/a cos novos contidos.

Así pois, en Educación Infantil, a metodoloxía máis axeitada consiste en utilizar o **Recuncho Dixital**, dotado de ordenador persoal, impresora, rato, altofalantes, tableta, mesa de luz e escornabot, onde o alumnado poden traballar individualmente ou en pequeno grupo dende os tres anos, axudándolles a dominar os conceptos máis básicos: dende o manexo do rato ao uso de sinxelos programas adaptados ao seu nivel, así como a reforzar outros contidos educativos traballados ao ser máis motivadores para eles/as.

Por outro lado o uso do **EDI** permite realizar actividades grupais onde se motiva ao alumnado, se fomenta a interacción e o diálogo.

A formación integral de todo o profesorado na administración e xestión do centro permitirá, se se da o caso, adoptar esas funcións en caso de urxencia para continuar a vida do centro de forma normalizada.

Para conseguilo precisamos de:

- Conexión a internet continua e rápida.
- Máis softwares educativos en lingua propia.
- Uns ordenadores de aula actualizados e libres de virus.
- Portátiles para uso do profesorado no desempeño das súas funcións.
- Dotar a todos os grupos-aula do centro de ordenadores e impresoras de última xeración e mesas multitáctiles.

UBICACIÓN DAS TICS NO CENTRO

Actualmente o centro dispón dun ordenador para cada grupo-aula e que se está a empregar para o uso d EDI e para uso das titoras. Asemade, no recanto dixital, temos: unha tableta , dous escornabots e unha mesa de luz. Os ordenadores están conectado á Internet por liña ADSL, así mesmo o centro conta con conexión Wi-Fi, e temos neste momento tres ordenadores na biblioteca, lugar onde se centralizan os recursos tic que son prestados as aulas.

Tamén contamos cunha impresora por aula (aínda que algunha non está actualizada e cada ano renovase unha co presuposto anual do centro). Contamos con conexión en liña para a impresión nas fotocopiadoras. Na actualidade contamos con dúas, unha situada en secretaría e outra na sala de mestras/es.

Temos xogos interactivos para os nenos e nenas e outros elementos que axudan na creación de materiais , xogos e actividades como son: cámara de vídeo e de fotos, proxector, amplificador de música e voz,...

NORMAS DE USO DOS RECURSOS TICS DO CENTRO

As normas de uso dos recursos TICS serán as seguintes:

- Non introducir nos ordenadores soportes de datos (DVD, PEN-DRIVE, etc.) sen unha análise de virus previa.
- Tratar os equipos de forma axeitada.
- Comunicar os problemas dos equipos ao coordinador.
- Apagado diario da totalidade dos equipos (monitor, ordenador, altosfalantes e proxector), especialmente os venres e antes de períodos vacacionais.
- Poñer contrasinal en cada un dos ordenadores do centro.

26 - PLAN DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

No presente curso non contaremos con equipo de Dinamización da Lingua Galega e seguiremos as pautas establecidas no PEC:

Ao principio de curso nas entrevista iniciais coas familias de novo ingreso comprobamos cal é o a lingua que empregan habitualmente e que será a vehicular na aula de 4º de Infantil tentando sempre de que vaian adquirindo a segunda lingua oficial da nosa comunidade.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

-ÁMBITO ADMINISTRATIVO.

Toda a documentación da actividade oficial e de relación coa administración estará en galego: documentación interna, arquivos, comunicacións, avisos, certificados, actas de reunións, regulamentos e follas informativas.

Así mesmo, empregarase a lingua galega en tódolos documentos económicos: inventarios, balances e documentos contables. Os recibos e as facturas dependerán da entidade emisora, (a grande maioría están en castelán).

Nas comunicacións orais como as asembleas, as reunións de traballo, as comisións..., empregarase o galego.

No referente ós aspectos visuais, rotulación externa e interna do centro, tales como horarios, taboleiros de anuncios, carteis, listaxes do alumnado, catalogacións da biblioteca, catalogacións de materiais audiovisuais... estarán en galego.

A páxina web da escola e os distintos blogues contidos na mesma usarán a lingua galega.

-XESTIÓN ACADÉMICA E PEDAGÓXICA.

XESTIÓN ACADÉMICA:

Toda a planificación educativa estarán en lingua galega: PEC, NOF, PXA, Proxecto lingüístico, Proxecto lector, Proxecto da biblioteca escolar, Proxecto de dinamización das TIC e as Programacións didácticas.

Así mesmo, empregarase o galego en tódalas actividades de reforzo, de asesoramento e de apoio técnico: proxectos de formación do profesorado, proxectos de innovación, proxectos nos que participa o centro e a documentación referente aos gabinetes psicopedagóxicos e tódolos seus informes.

O mesmo ocorre nos documentos de seguimento e control: a memoria anual de centro, os boletíns informativos, os expedientes do alumnado, as avaliacións iniciais, as avaliacións finais...

As comunicacións orais de atención ao público tales como as reunións coas familias, as intervencións en actos oficiais, as actividades complementarias, as celebracións e conmemoracións,... faranse en galego, informando posteriormente en castelán a aquelas persoas que o soliciten.

Tamén se farán en lingua galega as comunicacións escritas: as circulares en abalar anuncios, cartas..

XESTIÓN PEDAGÓXICA:

No material didáctico empregárase o galego e o castelán e será seleccionado tendo en conta os contidos que amosan. Estes contidos serán significativos para os nenos/as e non reproducirán nin prexuízos, nin estereotipos negativos cara a ningunha das linguas oficiais de Galicia.

Os materiais elaborados polo profesorado estarán indistintamente en galego e en castelán.

Contamos cunha importante e interesante dotación de libros en galego na biblioteca escolar.

A dotación de medios informáticos e audiovisuais en galego é insuficiente, xa que temos moi pouco material axeitado á idade do noso alumnado actualmente no mercado.

OBXECTIVOS:

- Crear unha actitude positiva cara ao emprego da lingua galega.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia da conservación e potenciación da nosa lingua.
- Fomentar a participación das familias nas propostas e colaboración nas diferentes celebracións ou conmemoracións.
- Potenciar o coñecemento das festas tradicionais propias do contorno do alumnado.
- Participar en actividades conxuntas con outros centros da nosa zona educativa.
- Participar nas distintas actividades ofertadas polo Concello, principalmente naquelas que teñen como obxectivo prestixiar a nosa lingua e a nosa cultura.
- Facilitar ás familias o acceso aos recursos da rede en galego mediante a web do noso centro e os bloques contidos na mesma.
- Implicar ao profesorado no uso da lingua galega.
- Colaborar co equipo da biblioteca para que as actividades de dinamización e animación á lectura impulsen o emprego do galego.
- Empregar unha metodoloxía encamiñada a favorecer o uso do galego.
- Establecer unha coordinación cos diferentes equipos de dinamización existentes no noso centro (Biblioteca, Actividades complementarias e extraescolares, TIC e Voz Natura) en tódalas actividades encamiñadas a potenciar o uso da lingua galega.
- Colaborar nos diferentes proxectos e plans que se desenvolven no centro (Proxecto lector, Proxecto Plambe, Proxecto TIC, Proxecto Voz Natura).
- Organizar actividades complementarias que contribúan a difundir a cultura galega e que nos permitan coñecer as nosas tradicións: o Magosto, o Samaín, o Entroido, as Letras Galegas, os Maios...
- Redactar en lingua galega toda a documentación oficial do centro, as comunicacións coas familias e coas distintas institucións públicas e privadas da nosa Comunidade.
- Diseñar actividades conxuntas con outros centros da contorna.
- Facer propostas para a compra de material impreso e audiovisual, en galego, para a biblioteca de centro.
- Elaborar xunto co equipo da biblioteca guías e recomendacións de lecturas para os nenos/as e para as familias

Contribución a adquisición das competencias básicas :

Competencia en comunicación lingüística que os nenos/as sexan capaces de expresar os seus sentimentos, pensamentos e feitos de forma oral así como escoitar aos compañeiros e ós adultos cunha actitude aberta.

Competencia matemática axudándolles a coñecer un pouco mellor a súa realidade máis próxima.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico observando e mostrando curiosidade polos acontecementos que ocorren na natureza e na súa contorna máis próxima, sendo conscientes dos diferentes grupos sociais ós que pertencen.

Tratamento da información e competencia dixital facilitándolles o emprego de distintas fontes de información e comunicación para interpretar e completar a información relacionada con distintos aspectos da realidade de xeito crítico.

Competencia social e cidadá moi presente no traballo diario: seguir as quendas, escoitar os demais, saudar, dar as grazas...

Competencia cultural e artística dando a coñecer manifestacións culturais e valorando o folclore, o patrimonio, as obras e expresións artísticas, e sendo autores de producións propias, sinxelas contribuindo o desenvolvemento do pensamento diverxente e a creatividade.

Competencia para aprender a aprender relacionando os proxectos elixidos co fin de manter o desexo de coñecer cousas novas, de explorar, manipular, facer preguntas... para adquirir novos coñecementos e aplicalos en distintos contextos.

Competencia en autonomía e iniciativa persoal transmitindo valores e actitudes persoais que pasan polo control emocional, a capacidade para solucionar problemas por si mesmos, a iniciativa e autonomía en diversas tarefas.

ACTIVIDADES

- Elaboración de recursos didácticos en galego para o desenvolvemento dos proxectos programados ao longo do curso.
- Emprego da lingua galega de xeito ordinario en diferentes situacións da vida cotiá como saúdos, despedidas... Tamén facelo de uso habitual nos contos, cancións, rutinas...
- Elaboración de material para coñecer a vida e obra da autora ou autor do homenaxeado nas Letras Galegas.
- Proposta para a compra de contos e material audiovisual, en galego, para a biblioteca de centro.
- Elaboración de guías e recomendacións de lecturas para as familias.
- Escoita de contos en galego a nivel de pequeno grupo e de gran grupo.
- Visionado de curtametraxes e documentais en lingua galega, adaptados á idade do noso alumnado.
- Celebración das festas tradicionais galegas: o Magosto, o Samaín, o Entroido, os Maíos...
- Fomento do galego nas celebracións e conmemoracións: o Nadal, Día da Paz, Día do Libro...
- Aprendizaxe de cancións, poemas, ditos, refráns... en galego para favorecer a competencia oral.
- Adaptación de contos tradicionais para a dramatización(monicreques, teatro de sombras...).
- Participación nas actividades propostas polo Concello e/ou outras entidades que teñan como finalidade prestixiar a nosa lingua e a nosa cultura.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizase partindo da memoria do curso anterior, das características do alumnado de novo ingreso e das necesidades do centro para o presente curso.

AVALIACIÓN CONTINUA

Seguiremos o desenvolvemento dos obxectivos e as actividades a través da observación directa .

AVALIACIÓN FINAL

Plasmarase na memoria final do presente curso.

27- PLAN DE IGUALDADE

ÍNDICE

1.Introdución e marco legal

2.Contextualización normativa do centro

3.Análise da situación do centro

4.Obxectivos coeducativos desenvolto a través do plan:

- 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- 4.2. Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero
- 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual
- 4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBfobia

5.Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

- 5.1 Organización do centro
- 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión de valores e saberes
- 5.3 Xestión dos espazos, recursos e das oportunidades de xeito inclusivo
- 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

6.Seguimento e avaliación

1.Introdución e marco legal

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización que poden cambiar ou perpetuar formas de pensamento e de acción social.

Familia e profesorado son decisivos na transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres. Pero é a escola a que desempeña un papel fundamental na compensación e desigualdades de todo tipo, entre elas, as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir no desenvolvemento das nenas e nenos dende os primeiros anos.

Debido a que tanto a familia como a escola proporcionan modelos de conduta a sociedade e necesario involucrar a toda a comunidade educativa na participación activa da transmisión dunha cultura que promova a igualdade de dereitos e o respecto e a colaboración entre homes e mulleres.

Resulta fundamental que dende a escola desenvolvamos unha reflexión profunda e crítica sobre aqueles aspectos que poden xerar discriminación entre as persoas por razóns de identidade sexual.

Polo tanto a educación en e para a igualdade deben realizarse dende idades moi temperás, como é o noso alumnado, mediante unha aprendizaxe que facilite unha auténtica educación integral e o desenvolvemento de cada individuo, sen ningún tipo de discriminación, que traballe activamente de xeito transversal para a superación dos prexuízos e estereotipos sexistas. Sen esquecer que as diferencias entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a eliminación de toda discriminación e desigualdade por mor desas diferenzas.

O papel da escola é fundamental nun dos obxectivos prioritarios da educación, proporcionar as nenas e aos nenos unha formación plena que lles permita conformar a súa propia identidade. Necesitamos un futuro de igualdade de condicións entre homes e mulleres nun mesmo espazo empresarial, político, educativo,... polo que dende a comunidade educativa e dende a nosa profesionalidade como docentes a nosa obriga pasa por reforzar o valor da coeducación e da igualdade de oportunidades.

Neste senso este Plan de Igualdade ten un claro carácter transversal, recollendo as actuacións en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero, tendo responsabilidade toda a comunidade educativa no seu desenrolo. Sempre entendendo a igualdade como unha normalidade social onde as persoas teñen o mesmo valor, por iso son iguais e por iso tentaremos de inculcar no noso alumnado que a igualdade admite diferenzas pero non desigualdades.

A necesidade de construír unha sociedade que avance cara a igualdade está presente en todas as políticas públicas e na lexislación vixente a nivel europeo, estatal e autonómico. O principio de igualdade entre homes e mulleres aparece recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

No ámbito estatal, a Constitución Española de 1978 recoñece a igualdade de homes e mulleres ante a lei (art. 14) e o deber de promover unha igualdade real (art 9.2) O mesmo ocorre no noso Estatuto de Autonomía .

Asemade, a lexislación educativa inspírase no marco legal antedito en materia de igualdade e nos seguintes referentes legais:

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación xa manifesta que a educación é o medio de transmitir a cultura, coñecementos e valores, así coma de renvalos, e que na escola deben desenvolverse valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e educar en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de homes e mulleres igualdade establece nos artigos 23 e 24 o labor do sistema educativo en materia de fomento da igualdade e a integración deste principio na política de educación.

No ámbito autonómico as disposicións normativas que sinalan instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes, son:

Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro no que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade , que nos artigos 17,18,22,23,24,25 e 26 nos fala da presenza destes valores de igualdade no currículo, da erradicación de prexuízos nos centros docentes, da inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, prevención de actitudes discriminatorias, divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA , combater o acoso por motivo de orientación sexual ou identidade de xénero e favorecer a visibilidade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 8/2005, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).

Instrución do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2.Contextualización normativa do centro

O Equipo directivo en colaboración co Departamento de Orientación e xunto coas achegas do claustro de mestras/es realizou no seu momento o Proxecto Educativo (Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial,...) centrado na necesidade de educar na igualdade de sexos e oportunidades, tal e como esixe e recolle a lei educativa que nos regula, así como a Constitución.

Coa elaboración deste Plan pretendemos dar continuidade ás actuacións realizadas no centro durante os últimos cursos, tales como as campañas de InfoNadal sobre os xoguetes non sexista en colaboración coa Escola Galega de Consumo, con obradoiros para o alumnado e charlas para as familias, tamén a nosa participación nos Contratos-Programa, no apartado: Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros, Iguál-T, a colaboración co Centro de Información a Muller do Concello de Viveiro con obradoiros cara a celebración do Día Internacional da Muller, das propostas de xogos igualitarios no PATIO DINÁMICO, todas as propostas acordadas con noso Proxecto Educativo, e encamiñadas fundamentalmente a consecución desa Igualdade real.

3.Análise da situación do centro

Para poder valorar a situación do centro en materia de igualdade necesitamos avaliar o contexto para coñecer a realidade e a partir de aí, plantexarse unha serie de metas e obxectivos e deseñar as estratexias pertinentes para a súa consecución. Realizouse un análise superficial dos comportamentos e das ideas do alumnado sobre unha serie de parámetros que nos permite decatarnos da realidade do noso centro.

Entre os instrumentos utilizados usamos as enquisas informais nas asembleas, as charlas dos titores e especialistas cos alumnos/as dos distintos niveis, a observación directa e aportacións das nenas e dos nenos a partir dos contos contados tanto na biblioteca como nas aulas, así como a observación do comportamento do alumnado, tanto nos períodos lectivos como na hora do patio, tanto nos xogos libres como nos días de patios dinámicos, nas saídas, nas actividades internivelais, ... e por riba de todo nas actividades programadas dentro dos Contratos-Programa.

Da análise dos datos, moitas veces subxectivo, despréndense unha serie de conclusións, basadas en catro aspectos:

- As profesións e o sexo dos que as desempeñan. Cando se lles preguntou pola profesión que lles gustaría desempeñar, hai nenos e nenas que coinciden en querer ser mestres e atopamos nenas que queren ser astronautas ou nenos perruqueiros. Non asocian, polo xeral, certas profesións con un sexo de forma exclusiva.
- O concepto de labor de fogar e a súa asociación cun determinado sexo. Apréciense diferenzas de xénero, a parte feminina das familias é a que máis tarefas domésticas realiza, aínda que si constatamos que hai máis reparto das mesmas e que hai moitos papás que se encargan de cociñar. Aínda que as nenas e nenos asocian de forma igualitaria que tanto os homes como as mulleres poden realizar determinadas tarefas hai algunha que a relacionan máis coas mulleres como é a limpeza xeral ou pasar o ferro.
- A práctica de distintos xogos. En canto á práctica de xogos en xeral non amosan un rumbo sexista na súa práctica; pero a medida que se avanza nos niveis obsérvase unha clara preferencia por actividades lúdicas que tradicionalmente se asociaban a un determinado sexo, como o xogos de balóns.

- Reunións titores- familias. En relación a asistencia dos proxenitores ás reunións periódicas coas titoras observamos que de xeito maioritario son as nais as que acoden a este tipo de reunión, aínda que nos últimos dous cursos temos máis reunións ás que acoden os dous proxenitores.

Cómpre sinalar que na realidade actual do noso centro o **alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE)** ou cun certo nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do mesmo son na súa maioría varóns.

Nesta liña, a comunidade educativa está comprometida na superación dos atrancos para a participación e a aprendizaxe de todo o alumnado e poñer todos os esforzos en superar as limitacións do centro á hora de atender a diversidade, como así o indica a creación dos Patios Dinámicos Inclusivo e a participación neste curso no apartado Inclúe-T, Igúal-T, Emociona-T, dentro dos Contratos-Programa. Tentando de potenciar nas aprendizaxe a participación de todo o alumnado, en especial de aquel que se atope en situación de vulnerabilidade e por tanto en risco de exclusión.

4. Obxectivos coeducativos desenvoltos a través do plan:

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

- Fomentar o uso da linguaxe non sexista.
- Garantir a participación equitativa nas actividades da aula, utilizando contos, textos e materiais didáctico que non xeren estereotipos.
- Invitar a profesionais do mesmo ámbito e de ambos sexos para que compartan as súas experiencias como parte dos proxectos de traballo do centro.
- Recoñecer e realzar as diferenzas individuais e grupais, motivando de igual maneira cara o éxito.
- Potenciar o uso igualitario dos espazos (aulas, biblioteca, lúdoteca, patio...), así como a participación equitativa nas actividades.
- Potenciar as actividades non sexistas e sen estereotipos de xénero.
- Fomentar a autonomía do alumnado, tanto na casa como no entorno escolar, evitando desigualdades.

4.2 Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero

- Empregar materiais e contos que tratando temas de xénero, ofrezan unha imaxe positiva do home, realizando roles tradicionalmente femininos
- Falar da importancia da muller ao longo da historia en todos os ámbitos do saber, facendo fincapé nas mulleres galegas e as súas achegas a sociedade.
- Tentar de favorecer a resolución de conflitos por diferenzas de xénero sobre todo a través do diálogo e eliminar calquera estereotipo de xénero educando na diversidade.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo--sexual

- Evitar a discriminación do alumnado por cuestión de sexo, orientación sexual, identidade de xénero, educando na tolerancia.
- Promover a igualdade e o respecto cara ás persoas que presenta diferente orientación sexual ou identidade de xénero.
- Desenvolver propostas didácticas para tratar a diversidade afectivo-sexual e o descubrimento das emocións propias e alleas.
- Lograr un ambiente de convivencia que se base nun concepto de cidadanía democrática e responsable que rexeite a discriminación.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia

- Establecer actividades de formación para os profesionais docentes.
- Fomentar a reflexión sobre os roles de xénero.
- Previr actitudes ou comportamentos que fomenten a LGTBIfobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1. Organización do Centro

O equipo de "igualdade" do noso centro está formado por todo o claustro, por considerar que este é un tema no que todas/os debemos estar involucrados, xa que, será un aspecto fundamental na formación persoal das nosas alumnas e dos nosos alumnos.

A persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no pulo do Plan de Igualdade será nomeada no seno deste órgano colexiado.

O equipo reunirse periodicamente tanto para decidir a participación continuada nos Contratos -Programa ou Plans dende a Consellería e/ou outras entidades e organismos, como para tratar de organizar e programar as distintas actividades que se leven a cabo, nos distintos trimestres dentro dos proxectos de traballo de cada nivel, relacionadas con este tema e nas que todo o claustro e alumnado colabora e participa.

Ao estar formado o equipo por todos/as as/os mestras/es, as decisións que se tomen serán baixo consenso e compromiso de todas/os.

Nesta liña, ao longo de curso realizaremos unha serie de actividades arredor das datas coeducativas seguintes:

- 20 de novembro, Día Internacional dos Dereitos da Infancia.
- 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de Xénero.
- decembro, campaña de xoguetes non sexistas.
- 30 de xaneiro, Día da Paz.
- 11 de febreiro, Día das nenas e as mulleres nas ciencias.
- 24 de febreiro, Día de Rosalía.
- 8 de marzo, Día Internacional de Muller.
- 21 de marzo, Día da poesía.

Ademais de tratar a Igualdade como un valor intrínseco ao currículo a través das competencias clave propoñemos, de forma paralela, a realización dunha serie de actividades que engloben o Proxecto Integral de centro:

- ❖ Lecturas de contos tradicionais analizando de forma crítica os roles establecidos. A partir de aquí, contar contos onde se invirtan estes roles.
- ❖ Realizar actividades ou pequenos proxectos sobre mulleres que destacaron en ámbitos que tradicionalmente non se consideraron como propios do seu xénero: na área das ciencias puras, deportes de alta competición, política, economía...
- ❖ Análise crítica da publicidade nalgúns dos medios de maior consumo da nosa comunidade educativa.

- ❖ Examinar de forma crítica as letras das canción que máis lles gustan as nenas e nenos.
- ❖ Integrar á xeneralidade do alumnado en todo tipo de xogos, tanto no Patio Dinámico como nas actividades de psicomotricidade, independentemente do seu rumbo sexista tradicional.
- ❖ Potenciar o “Recuncho da Igualdade” dentro da biblioteca.
- ❖ Visionado periódico de curtas que incidan na igualdade.
- ❖ Potenciar os recunchos nas aulas (a casiña, construcións...) en prol da igualdade.
- ❖ Reparto de tarefas independentemente do sexo do alumnado para a realización de actividades de todo tipo.

As **familias** representan o núcleo vertebrador de toda educación xa que son elas as que transmiten, en última instancia, todos os valores que desenvolverá no futuro o alumnado. Por iso, consideramos esencial inculcarlles a necesidade de complementar as actuacións propostas desde a escola e que, cos seus exemplos diarios, colabórennos na consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Neste sentido, propoñemos as seguintes actividades:

- ❖ Establecer os mesmos dereitos para os seus fillos e fillas.
- ❖ Insistir en que as pequenas tarefas da casa sexan compartidas por igual entre os nenos e as nenas.
- ❖ Permitir que os seus fillos, independentemente do seu sexo, teñan as afeccións que desexen e escollan os xogos, xoguetes, actividades, traballos que lles gusten.
- ❖ Non usar frases que reproduzan estereotipos sexistas.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

Accións en relación ás actuacións no centro.

- Análise, desde a perspectiva de xénero, dos materiais elaborados para os proxectos .
- Uso dunha linguaxe non sexista na oralidade da nosa práctica educativa, nos recursos didácticos que ofrecemos na aula, nas informacións que mandamos ás familias, etc.
- Revisión das concrecións curriculares das áreas, para incluír a perspectiva de xénero en todos os proxectos de traballo.
- Análise de estereotipos sexistas, incidindo na sensibilización sobre a perda que con leva unha socialización non igualitaria e promovendo actuacións que supoñan a ruptura cos roles de feminidade ou masculinidade a través das prácticas educativas.
- Deseño de actividades complementarias ou extraescolares tendo en conta a perspectiva de igualdade.

Accións en relación a actuacións coas familias.

- Dar a coñecer ás familias en que consiste o Plan de Igualdade pedindo a súa colaboración no mesmo.
- Inclusión na reunión anual coas familias dun apartado con información concreta das actividades que o centro vai realizar en relación coa igualdade dende a perspectiva de xénero. Resaltando a importancia de dar unha xustificación da necesidade de colaboración entre familias e escola. Trataríase de dar unha explicación moi breve sobre a súa importancia para a transmisión de valores, e en concreto, as repercusións negativas que está a ter para a socialización de fillos e fillas os estereotipos sexistas.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

Dentro das actividades de “patios dinámicos” estamos a transformar ese espazo nun elemento clave para a inclusión e a igualdade de todo o alumnado.

Propoñeremos actividades dirixidas e libremente elixidas que permitan que todo o alumnado poidan xogar e relacionarse para mellorar as súas habilidades sociais e reforzar a súa autoestima.

Outro dos obxectivos fundamentais que se persegue é previr, a través do xogo e as relacións sociais no entorno dos recreos, posibles situacións conflitivas que poidan xurdir entre o alumnado.

A través do xogo pretendemos potenciar valores de respecto, solidariedade e igualdade, adaptando as actividades, en caso de que fora necesario, para que todo o alumnado teña a posibilidade de participar.

A maior parte dos xogos que empregaremos pertencen ao grupo de “xogos cooperativos”. A súa característica fundamental é que son xogos nos que a colaboración entre os participantes é o elemento esencial. Este tipo de xogos son moi adecuados para traballar a inclusión. Asemade, propiciaremos as lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, así como xogos coeducativos e cooperativos nos distintos espazos maker creados no centro con metodoloxías activas, participativas e cooperativas mediante a corresponsabilidade na realización das tarefas.

Nesta liña, promoverase a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional nos distintos recunchos de xogo, nos roles de xogos diarios e en distintos momentos da actividade diaria.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

Un dos nosos obxectivos é tratar de promover o respecto e bo trato entre homes e mulleres, afastar a xerarquía e desigualdade, e o valor do masculino por riba do feminino. Valores negativos que se transmiten a través da familia, a escola, os medios de comunicación... Tratarémos de paliar esa normalización da agresión, murmuración ou insulto a través da negociación e o diálogo que substitúen á imposición e o sometemento promovendo a equidade e utilizando as particularidades de cada cal, a través da creación do banco da amizade dentro do patio de xogo e das aulas, cambiando os valores de loita, pelexa, desconfianza, imposición, dominación ou sometemento polos de solidariedade, cooperación, negociación, diálogo e a discusión creativa.

Teremos en conta que o xénero condiciona os roles, as posibilidades, as accións, o aspecto físico e a expresión da sexualidade das persoas. A actitude que os profesionais da educación, pais e nais adoptemos ante a diversidade afectivo-sexual será unha das cuestións máis relevantes para conseguir que as nenas e os nenos sexan felices, e que se sintan a gusto consigo mesmos. Esa actitude, en boa medida, pode evitar que escondan a súa condición por medo a ser rexeitados, discriminados e mesmo agredidos. Sabemos que, a pesar da existencia de leis para evitar a discriminación e para propiciar a igualdade e o respecto ante a diversidade sexual, aínda seguimos a ver discriminación que temos que paliar.

É primordial educar na diversidade afectivo-sexual desde a familia así como educar a favor da igualdade e contra a violencia por motivos de orientación sexual e identidade de xénero e, por iso actuaremos como recurso de apoio para pais e nais, que busquen reflexionar acerca da igualdade de valor, a orientación sexual, a identidade de xénero e a violencia, que en ocasións danse por estes motivos.

Para romper coa socialización de xénero hai que promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas, promover xogos e traballos cooperativos e coeducativos entre as nenas e nenos do centro. Amosándolles outras formas de xogar e de relacionarse que facilitará o proceso de cambio de mentalidade nos espazos de socialización, lugar onde aprendemos a construír a nosa identidade de xénero transformando os aprendidos socialmente moitas veces cargados de estereotipos e limitacións. É necesaria unha reflexión, tanto do profesorado como das familias, mostrando que é posible outras formas de xogar e relacionarse favorecendo hábitos participativos en igualdade corrixindo condutas sexistas. Hai que ter claro que a pertenza a un ou outro sexo, non debe limitar nin os xogos, nin os xoguetes, nin as tarefas, nin as eleccións profesionais, nin a expresión de sentimentos ou emocións.

6. Seguimento e avaliación

Ao finalizar cada curso escolar, realizarase unha avaliación do Plan do centro, baseándonos nos criterios, indicadores e instrumentos de avaliación fixados nos Contratos- Programa e nas memorias realizadas sobre eses Plans e actuación que evidencien os avances coa maior obxectividade posible. Por último elaboraremos un informe do que sairá unha serie de medidas encamiñadas á mellora continua do Plan de Igualdade cara o seguinte curso.

28 - PLAN DE COMUNICACIÓN: INTERNA E EXTERNA

I- INTRODUCCIÓN

O presente documento versa sobre o plan de comunicación interna e externa do noso centro educativo, un aspecto fundamental para o correcto funcionamento do mesmo. Inmersos nunha era tecnolóxica que avanza a gran velocidade onde as redes sociais forman parte do noso día a día e da nosa maneira de relacionarnos, identificándose a partir dos acontecementos que comenciamos a vivir en marzo do 2020 por mor da pandemia mundial do COVID-19, por lo que é necesario facer un uso axeitado e crítico das mesmas, utilizándoas como unha ferramenta máis do proceso de ensino e dunha maneira natural de comunicarnos no so co alumnado senón tamén coas familias.

Elabórese un plan de comunicación, tanto interna como externa do noso centro, que nos permita establecer as canles a través das que toda a comunidade educativa estea en continuo contacto coa fin de obter as mellores relacións entre todos os membros da mesma.

A comunicación interna é o intercambio de información entre os profesionais que traballan dentro do centro educativo.

A comunicación externa é aquela que ten lugar entre os profesionais do centro educativo, o alumnado, as familias, os profesionais doutros centros veciños cos que traballamos colaborativamente e o entorno social do centro.

Mostremos á comunidade educativa un bo uso destas ferramentas mediante o noso exemplo de boas prácticas, dando así unha mellor e máis actualizada imaxe do centro.

II- PLAN DE COMUNICACIÓN INTERNA

É necesario contar cun **Plan de Comunicación Interna**, dado que dita comunicación converterase na clave para chegar aos obxectivos educativos do centro. Nese senso, unha boa xestión deste tipo de comunicación é unha ferramenta fantástica para a optimización de todas as capacidades, especialmente a organizativa sobre todo nestes momentos en que temos que ser quen de teletraballar se fose necesario, polo que a coordinación e reunións, as veces, serán de xeito telemático. Esta comunicación interna do centro é a que se leva a cabo entre todos/as aqueles/as traballadores/as do centro: persoal docente e non docente.

2.1. OBXECTIVOS

Entre os obxectivos nos que se basea o plan de comunicación interna, cabe destacar os seguintes:

- Potenciar a relación Dirección – Claustro de Profesores.
- Manter a comunicación entre os membros do Claustro.
- Ofertar un reservorio dixital de documentación.
- Reducir o emprego do papel para as comunicacións potenciando a sustentabilidade, co conseguinte aforro económico.

2.2. PÚBLICO

Este Plan de Comunicación, ten como obxectivo transmitir unha serie de mensaxes e informacións a uns grupos de destinatarios claramente identificados e relacionados entre si, a saber: dirección, profesorado e persoal non docente.

Mestras/es: dos compoñentes do claustro ao persoal non docente e á dirección.

Persoal non docente: do persoal non docente á dirección e as/os mestras/es.

2.3. CANLES

O conxunto de canles para a comunicación será o seguinte:

- Correo electrónico corporativo: para comunicarnos entre o equipo directivo, o profesorado e o persoal non docente eei.sanroque@edu.xunta.gal (para toda a comunicación oficial por escrito, convocatorias,...) e alumnossanroque@gmail.com, familiassanroque@gmail.com, sanroqueviveiro@gmail.com para a comunicación coas familias, así como o correo corporativo persoal do profesorado.
- EspazoAbalar: para comunicación entre o profesorado e as familias.
- AbalarMóbil: comunicación coas familias
- Canal de youtube do Espazo Abalar: para os noso vídeos, actividades,...
- Páxina web dinámica do centro: para información xeral e educativa de todo tipo.
- Distintos blogues: blogue da biblioteca, de Voz Natura, blogues de aulas, blogue colaborativo con outros centros da MICRORREDE A MARÍÑA,...
- APPS :para comunicación telemáticas tipo Webex cisco, Falemos, Jitsi Meet,...
- Grupo de WhatsApp: formado por todo o claustro de mestras/es; neste grupo vanse engadindo aos posibles mestras/es substitutos; cando finalizan a substitución saen do grupo. Neste grupo compartírase información de todo tipo (recordatorios, convocatorias, ...).
- Google Drive, Google fotos: para transmitir información ou calquera tipo de contido (fotos de actividades, vídeos, documentos, recursos ,presentación para memorias, ...).
- Outros: teléfono fixo e móbil, correo ordinario e mensaxería en WhatsApp.
- Canal de youtube en alumnossanroque@gmail.com
- Redeirás: como vía de colaboración con outros profesionais do ensino.
- eTwinning: comunidades de centros escolares de Europa.

2.4 CONTIDOS

Os contidos serán de carácter variable en función dos destinatarios, o contexto e a información a transmitir. O ton das mensaxes será sempre o axeitado:

- Profesorado: ao ser profesionais compañeiras/os cos que se traballa a diario, presúponse unha confianza con elas/eles, polo que se utilizará un ton informal en canto a conversacións orais, notas aclaratorias ou comunicacións de ánimo ou felicitación. Non obstante, empregarase un ton formal cando sexan actos administrativos, como reunións de equipos, actas, convocatorias, informes, conclusións ou comunicados.
- Persoal non docente: procederase do mesmo xeito.
- Familias: empregarase un trato e ton axeitado e cordial, sempre e en todo momento dende unha perspectiva profesional de confidencialidade.

2.5 ACCIÓNS

Todo plan require de accións a aplicar coa fin de poder conseguir os obxectivos propostos.

Tomando as seguintes medidas:

- Creación e difusión do plan (elaboración de normas, canles a empregar).
- Notificación á comunidade educativa sobre o desenvolvemento do plan.
- Selección e designación dunha comisión encargada do plan.
- Plantexamento, seguimento e avaliación do plan.

2.6. CRONOGRAMA

Presentación e aprobación do plan no claustro de profesores.	1º reunión do curso
Creación dos canles de comunicación requiridos.	setembro, outubro
Información e presentación ao Consello Escolar e as familias	1º reunións
Repaso para ao persoal docente e non docente	trimestralmente
Enquisa, avaliación e posibles cambios.	fin de curso

2.7. RESPONSABLES / RECURSOS

Os responsables do plan serán seleccionados e designados pola dirección o e estará integrado por membros da comunidade educativa.

Dita comisión analizará periodicamente o plan co obxectivo de elaborar propostas e incrementar a súa efectividade, e informará sobre a súa evolución á comunidade educativa para facilitar a súa adherencia ao mesmo.

O Equipo de Comunicación do centro será o responsable do mantemento e seguimento do plan, coordinando a publicación na web. Cada mestra/e colaborará na publicación na web do centro, informando ao Equipo de Comunicación.

Os recursos pódense dividir en dous grupos: recursos humanos e recursos materiais:

- *Recursos humanos*: membros da comunidade educativa (equipo directivo, alumnado-familias e persoal non docente).
- *Recursos materiais*: infraestrutura física (instalación; recursos: espazo abalar e tableiros de anuncios para a comunicación de información de interese sobre a realidade escolar...) e material tecnolóxico do centro (conexión inalámbrica *WIFI*, ordenadores, tabletas, edis,...).Facéndose necesario que a Consellería dote dun ordenador portátil para cada mestra/e co fin de facilitar o traballo docente, a comunicación telemática coas familias e teletraballar nos momentos necesarios.

III- PLAN DE COMUNICACIÓN EXTERNA

En todo centro educativo hai una necesidade de comunicación permanente, co profesorado, co alumnado, coas familias, co persoal non docente e co entorno social. Polo que O **Plan de Comunicación Externa** permítenos concretar as canles e medios de contacto con todos os sectores da comunidade educativa.

3.1. OBXECTIVOS

Entre os obxectivos nos que se basea o plan de comunicación externa destacamos os seguintes:

- Optimizar a información do centro e organizar unha comunicación eficiente entre toda a comunidade educativa.
- Establecer e sistematizar unha axeitada relación entre os profesionais do centro educativo.
- Introducir novas canles de comunicación para poñer en valor a imaxe do centro (páxina web, ...)
- Potenciar e mellorar a imaxe do centro, así como a súa identidade.
- Conseguir un maior aproveitamento e optimización das TICs.
- Informar ao corpo docente e ao resto da comunidade educativa sobre todas as posibilidades de comunicación.
- Elaborar recursos e materiais educativos para poder utilizalos na rede e achegarlos ás familias como actividades de repaso e reforzo do realizado presencialmente.
- Informar, coordinar e compartir: actividades, logros, programas, proxectos,...
- Posicionar ao centro na súa contorna social.
- Fortalecer a comunidade, integrando a todos os sectores no seu desenvolvemento.

3.2. PÚBLICO

Este Plan de Comunicación, ten como obxectivo chegar a un determinado público que poida facer uso destas ferramentas. En primeiro lugar, a toda a comunidade escolar do centro, aínda extensible a outros centros educativos. Os principais destinatarios son:

- Alumnado: tanto actual, como antigo e futuro, incluso alumnado doutros centros educativos, adaptando os diferentes contidos a súa idade e nivel educativo.
- Familias: débense comunicar co profesorado, titores/as, dirección... Servirá para coñecer o desenvolvemento académico do seu fillo/a, incidencias ocorridas, seguimento dos proxectos de traballo e Plans de innovación...
- Equipo docente: todo o claustro de profesores.
- Centro educativo: debe actualizar e potenciar a súa web para darse a coñecer mellor, mostrar información xeral, facilitar recursos e actividades.
- Outros centros educativos: o centro esta aberto a outras realidades, debe coñecelas e intercambiar información, así como participa en proxectos colaborativos con centros veciños.
- Entorno do centro: débese valorar o entorno máis próximo onde se realiza a labor docente para un mellor coñecemento da realidade socio-económica e cultural do alumnado e as súas familias. Así como colaborar con entidades, asociación, que axuden a desenvolver os proxectos do centro.

3.3. CANLES

Ata agora o principal medio de comunicación coas familias foi o uso de notas, tanto axenda como circulares, o taboleiro de anuncios e información básica na páxina web. É certo que dende o curso 2019/20 se estandarizou a comunicación dixital mediante a aplicación Abalar móbil para as comunicacións oficiais do centro e/ou as comunicación de cada titora coas familias do seu grupo. Debemos seguir neste ámbito pola circunstancias e o inmediato desta aplicación. As canles a empregar serán as seguintes:

- Páxina web do centro: controlada polo Equipo de Comunicación do centro para informar dos aspectos que van sucedendo no día a día do centro. Polo que é necesario verter, de xeito continuo, contidos en cada unha das seccións creadas, ou xerar propostas de recursos e actividades en momentos determinados, acordadas polos niveis, especialidades, equipos e tamén as programadas nos Plans de Innovación postos en marcha en cada curso.
- Correo electrónico corporativo: tanto o do centro eei.sanroque@edu.xunta.gal como o correo persoal do profesorado para toda a comunicación esencial.
- Correos electrónicos non corporativos: o centro dispoñe de dúas contas [.alumnossanroque@gmail.com](mailto:alumnossanroque@gmail.com) e familiasssanroque@gmail.com, sanroqueviveiro@gmail.com para outro tipo de comunicacións e propostas.
- Teléfono fixo e móbil con servizo de mensaxería WhatsApp: respectarase o horario de atención ao público anunciado pola dirección do centro, de cara a procurar garantir a atención telefónica.
- Axenda escolar: para rexistro de datas de reunións cos temas tratados, proxectos de traballos, plan de innovación, anecdotario, eventos de interese para o alumnado e as familias.

- Rexistros e anecdotarios: para facer un seguimento continuo do alumnado e de todos os elementos do proceso de aprendizaxe.
- Outros: correo ordinario con apartado de correos, caixa do correo de suxestións na páxina web.
- Canle Youtube do centro: para a dinamización do soporte audiovisual.
- Gloogle Drive, Google fotos e/ou soporte similar: para transmitir información ou calquera tipo de contido (foto e vídeos, contidos didácticos,...).
- Perfil do centro en Facebook, Twitter e/ou Instagram (para poñer en circulación neste curso).

3.4. CONTIDOS

Os contidos serán de carácter variable en función do tipo de información que se queira transmitir, o contexto ou o receptor desa información.

➤ **Contido de carácter público:**

- Información xeral sobre o colexio.
- Documentación básica do centro.
- Información sobre Proxectos de Innovación, Plans, actividades previstas, organización e realización das mesmas.
- Información xeral ás familias.
- Achegas, suxestións, comentarios, valoracións, propostas, materiais... aportados polos axentes da comunidade educativa.

➤ **Contido de carácter restrinxido:**

- Información persoal ás familias como, por exemplo, os boletíns trimestrais.
- Actividades propostas e informacións nas que se considere oportuno manter o nivel consecuente de privacidade.
- Actividades propias da xestión administrativa do profesorado.
- Achegas, suxestións, comentarios, valoracións, propostas, materiais... aportados polos axentes da comunidade educativa que, en virtude da súa privacidade, deban tratarse baixo ese carácter.

Asemade, os tons das mensaxes serán sempre os axeitados:

- Familias: empregarase un ton formal e amosando os datos dunha forma clara e concisa (titorías, reunións...), sobre todo na comunicación escrita. Na comunicación oral, xerando empatía, esta poderá ter un carácter algo máis informal, afectivo e empático, axudando á proximidade e senso de equipo e unidade perante ao alumnado.

- Alumnado: empregarase un ton medio, mesturando formal, informal, agarimoso,... dependendo do tipo de información dada ou o medio a empregar (transmisión de contidos, contacontos, xogos...).
- Institucións e entidades: empregarase un ton de carácter máis formal comunicacións oficiais, especialmente nas escritas e tamén no oral, asemade con aquelas que hai un contacto máis regular poderase empregar un ton máis informal, especialmente na comunicación oral (entendendo que se presupón unha confianza establecida).
- Provedores: Ídem.
- Outros: Ídem.

3.5. ACCIÓNS

Coa fin de poñer en práctica o Plan de Comunicación Externa do centro debemos establecer as accións a desenvolver. Para o que diferenciaremos entre os momentos previos á implantación e unha vez implantado.

Momentos previos á implantación:

- Información aos membros da comunidade educativa da pretensión do Proxecto de Comunicación Externa do centro.
- Difusión das normas e usos dos canles, as ferramentas, as aplicacións e redes que se empregarán a través da súa difusión na páxina web. Creación dunha comisión de traballo para asegurar o seu funcionamento.
- Repaso do plan.
- Posta en funcionamento.

Durante e despois de poñelo en práctica:

- Comezo da actualización da web do centro cada principio de curso.
- Manter os equipos no mellor estado posible.
- Establecer as primeiras comunicación coas familias.

Posto en funcionamento, e para ir depurando posibles fallos e/ou erros, pasarase unha enquisa aos diferentes usuarios, a cal será elaborada polo Equipo de Comunicación.

Será unha enquisa anual co fin de recoller as propostas de mellora ou posibles queixas que se teñan dos medios para a comunicación de toda a comunidade educativa.

3.6. CRONOGRAMA

A implantación do Plan de Comunicación Externa realizarase durante todo o curso escolar.

Presentación e aprobación do plan ao claustro de profesores.	<i>inicios de curso</i>
Creación dos canles de comunicación requeridos.	<i>setembro, outubro</i>
Información e presentación ás familias e Consello Escolar.	<i>outubro</i>
Formación ao persoal docente, non docente, alumnado e familias.	<i>outubro</i>
Seguimento periódico do Plan de Comunicación.	<i>Trimestralmente</i>
Enquisa, avaliación e posibles cambios.	<i>Fin de curso</i>

3.7. RESPONSABLES / RECURSOS

Faise necesaria a acción de establecer unha serie de persoas responsables para o bo funcionamento e control do mesmo.

- Equipo de Comunicación formado polo responsable TIC, coordinador de ciclo e a dirección do centro , que serán os encargados de coordinar todo o proceso do Plan, así como a súa supervisión e posta en práctica.
- O profesorado será responsable do bo uso dos equipos e dispositivos.
- As familias responsabilizaranse do bo uso dos materiais e do contido da información relacionada, nas esferas públicas e privadas.

Os recursos pódense dividir en dous grupos: recursos humanos e recursos materiais.

- *Recursos humanos*: membros da comunidade educativa (equipo directivo, alumnado, familias, institucións e asociacións).
- *Recursos materiais*: infraestrutura física (instalación; recursos: taboleiros, EDI para a comunicación de información de interese sobre a realidade escolar...), e material tecnolóxico do centro (conexión inalámbrica *WIFI*, ordenadores, tablets, teléfono móbil...).

Asemade é necesario ter un servizo de mantemento da Consellería, e tamén a través dunha empresa especializada, e dispor de equipos con capacidade suficiente para ter instalados programas actualizados (que se solicitarán polas canles axeitados a Consellería).

IV. CONCLUSIÓN

O que buscamos a través deste plan é conseguir a mellor e máis eficaz comunicación entre todas as partes da comunidade educativa, para fomentar as boas relacións e que así a educación do alumnado vaia polo mellor camiño posible, adaptándonos a todos os cambios tecnolóxicos que van xurdindo e a nova realidade que tamén impón un novo xeito de comunicarnos.

29 - PLANS PARA A MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA

Ao igual que cursos anteriores solicitamos Contratos Programa da Consellería de Educación.

Participamos nos seguintes:

1-**CPInclúe**: IGUÁLA-T, INCLÚE-T, EMOCIONA-T

2-**CPInnova**: EDUsaúde, EDUsostenible